

ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano Colexiado: |
| PLN/2021/13 | O Pleno |

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

| | |
|---------------------------|--|
| Tipo Convocatoria | Extraordinaria Motivo: «Necesidade de facer entrega dos terreos á Xunta de Galicia para a construción do Edificio Xudicial» |
| Data | 16 de setembro de 2021 |
| Duración | Desde as 20:40 ata as 20:45 horas |
| Lugar | Salón de Plenos do Concello de A Estrada |
| Presidida por | JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS |
| Secretaria acctal. | MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS |

ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|------------|-----------------------------------|--------|
| [REDACTED] | ALFONSO FIGUEIRAS REY | SÍ |
| [REDACTED] | AMALIA GOLDAR CORA | SÍ |
| [REDACTED] | AMALIA LAGO DURAN | SÍ |
| [REDACTED] | ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO | SÍ |
| [REDACTED] | BELÉN LOUZAO VIEITES | SÍ |
| [REDACTED] | CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora) | NON |
| [REDACTED] | GONZALO LOUZAO DONO | SÍ |
| [REDACTED] | IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN | SÍ |
| [REDACTED] | JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS | SÍ |
| [REDACTED] | JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR | SÍ |
| [REDACTED] | JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA | SÍ |
| [REDACTED] | JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON | SÍ |
| [REDACTED] | LUCIA SEOANE ROSENDE | SÍ |



| | | |
|--|-------------------------------------|-----|
| | LUIS LOPEZ BUENO | SÍ |
| | LUIS RENDO ARAUJO | SÍ |
| | MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS | SÍ |
| | MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS | SÍ |
| | MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA | SÍ |
| | MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA | SÍ |
| | M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA | SÍ |
| | OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS | SÍ |
| | PATRICIA CARRACEDO DURAN | SÍ |
| | SUSANA CAMBA CASTRO | NON |

Unha vez verificada pola secretaria acttal. a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 3930/2021.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO Á CESIÓN GRATUÍTA DO BEN INMOBLE PARCELA DOUS DA BAIUCA SEGREGADA A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO EDIFICIO XUDICIAL

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Concelleiro e voceiro do grupo de goberno **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen di que, despois de aprobar o PXOM, o Plan Dotacional de Baiuca permitiu contar cuns terreos para, neste caso, ceder a parcela denominada número DOUS á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo co fin da construción dun novo Edificio Xudicial e que unificará aos dous Xulgados de Primeira Instancia e Instrución existentes no noso concello, e, para iso, neste punto propoñemos iniciar o expediente para proceder a esta cesión gratuíta e, tal como establece o procedemento, deberá de someterse o acordo que se adopte a información pública por un período de vinte días mediante publicación no BOP de Pontevedra aos efectos de posibles reclamacións ou suxestións e se, transcorrido dito prazo, non se presentase ningunha reclamación ou alegación entenderase aprobado definitivamente o acordo inicial, procedendo a darlle traslado á administración autonómica interesada para formalizar dita cesión.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para manifestar a gran importancia que ten a construción dun novo Edificio Xudicial para o noso concello, de



feito seremos o único concello de Galicia en ter unificadas as dúas sedes xudiciais. Polo dito o seu grupo votará a favor desta proposta de cesión, sen embargo, considera que na anterior intervención o Sr. Blanco Carracedo debería haber dado conta do motivo de por que este asunto é sometido a un Pleno extraordinario cando o Convenio entre a Xunta de Galicia e este Concello foi asinado o 19 de abril deste ano, o que deixa constancia da lentitude na tramitación desta cuestión.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, trasladando o seu voto a favor desta proposta de cesión por considerar importante a construción dun novo edificio xudicial e que mellorará o servizo de xustiza e por pensar que será un argumento importante á hora de manter o partido xudicial da Estrada.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 01/09/2021, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o Protocolo de Colaboración asinado con data 19 de abril de 2021 entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello da Estrada para a construción do novo Edificio Xudicial e que albergará as dúas sedes xudiciais actuais, coa finalidade de adecuar a prestación do servizo público ás necesidades existentes dentro do ámbito do partido xudicial en beneficio da cidadanía en xeral.

Visto o expediente 1837/2021 de desafectación da Parcela Estadio Dous, con Referencia Catastral 2565056NH4226N0001HX, cunha superficie de 2.840,00 m², segregada da parcela matriz Estadio Baiuca, que conta coa súa aprobación por acordo plenario de data 1 de xullo de 2021.

Vista a inscrición da nomeada parcela no Rexistro da Propiedade como ben patrimonial por título de desafectación, segundo certificación expedida o 2 de xullo de 2021 pola Secretaria do Concello da Estrada, Dna. María Jesusa Fernández Bascuas, acompañada do Oficio asinado o 17 de agosto do mesmo ano por D. José Carlos López Campos, Alcalde do Concello da Estrada, que causou a inscrición 2^a desta finca de data 24 de agosto de 2021.

Visto o informe emitido con data 31/08/2021 pola Sra. Secretaria municipal, previa Providencia da Alcaldía de 26/08/2021.

Visto o informe do Arquitecto Técnico de data 01/09/2021.

Visto o informe de Débedas de Tesourería de data 01/09/2021.

Visto o informe asinado pola Sra. Interventora municipal o 01/09/2021.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 06/09/2021.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Iniciar expediente para ceder gratuitamente o ben inmovible PARCELA DOUS da Baiuca segregada a favor da Xunta de Galicia para a construción do novo Edificio Xudicial, segundo detalle:

- Parcela identificada como “Estadio Dous” da Baiuca.
- Referencia catastral: 2565056NH4226N0001HX



- **Superficie:** 2.840,00 m²
- **Lindeiros:** Norte: Parcela Estadio 1, con referencia catastral 2565055NH4226N0001UX, cedida á Xunta de Galicia para construción de Escola Infantil; Sur: Avenida da Torre; Leste: Parcela Estadio 3, con referencia catastral 2565057NH4226N0001WX propiedade do Concello da Estrada; Oeste: Parcela con referencia catastral 2565012NH4226N0001RX.
- **Título de adquisición:** Por división material en virtude de certificación administrativa do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 06/03/2016.
- **Cargas ou gravames:** Non
- **Destino do ben:** Cesión gratuíta á Xunta de Galicia da parcela Estadio Dous da Baiuca para a construción dun edificio para os Xulgados.
- **Estado de conservación:** Bo estado de conservación e libre de edificacións.

Segundo.- Someter o expediente a un período de información pública por prazo de 20 días mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

Terceiro.- No caso de non presentarse alegacións ao respecto, o acordo plenario inicial elévase a definitivo, sen trámite adicional. No caso de existir alegacións, resolveranse polo Pleno municipal na sesión que corresponda.

Cuarto. Unha vez aprobado definitivamente, remitir o expediente para o seu coñecemento á Consellería competente en materia de Administración Local.

Non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levanta a sesión.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

